

Decreto.

O Concello de Brión convocou no seu día, Boletín Oficial da Provincia do 13.04.2023, Diario Oficial de Galicia do 30.05.2023, no Boletín Oficial do Estado do 09.06.2023, e no taboleiro de edictos do concello e páxina web municipal, proceso selectivo para a cobertura mediante funcionario de carreira, dunha praza de arquitecto/a, e creación dunha bolsa de traballo, mediante o sistema de concurso - oposición, incluída na oferta de emprego público do concello do ano 2022 (BOP núm. 124, do 01.07.2022), encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, grupo: A, subgrupo: A1.

Rematado o procedemento selectivo o día 03.06.2024, o tribunal acordou propoñer para o seu nomeamento como funcionaria de carreira a Mónica Arias Carriba, por ser a aspirante que acadou a maior puntuación, téndose publicado a acta na páxina web e no taboleiro de edictos do concello con data 03.06.2024.

Resultando que a interesada presentou en prazo a documentación establecida na base 9.3. da convocatoria, mediante escrito con rexistro de entrada núm. 202499900000888, do 04.06.2024.

Considerando que é competencia desta alcaldía o nomeamento dos funcionarios propios da corporación, segundo o establecido no artigo 21.1.h. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, resolvo:

1º) Nomear funcionaria de carreira deste concello a Mónica Arias Carriba, DNI: ***4960**, para a praza de arquitecta.

2º) Consonte co disposto na base 9ª a interesada deberá tomar posesión no prazo máximo de cinco días hábiles a contar desde a notificación desta resolución.

3º) O nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia, na páxina web e no taboleiro de edictos do concello, consonte co disposto na base 9ª.5. da convocatoria.

4º) Aprobar a bolsa de traballo temporal derivada desta convocatoria segundo a proposta realizada polo tribunal, que queda formada pola seguinte persoa: Inés Fernández Abad, DNI:***3807**, por ter superado todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición, bolsa que se rexerá polo disposto na base 10ª da convocatoria.